9 de novembro de 2026 v1.0

Política de Calidade TICGAL

TICGAL, empresa dedicada á prestación de servizos TIC especializados en solucións GLPI, xestión de incidencias, inventario de activos, desenvolvemento, integracións, aplicacións móbiles, soporte técnico e mantemento informático, adquire o compromiso de establecer, implantar e manter un Sistema de Xestión da Calidade conforme aos requisitos da norma UNE-EN ISO 9001 vixente, como base para o desenvolvemento eficaz da súa actividade.

Co obxectivo de mellorar continuamente a eficacia do sistema, garantir a calidade dos servizos prestados e satisfacer as necesidades e expectativas dos seus clientes e demais partes interesadas, a Dirección de **TICGAL** comprométese a:

- **SATISFACER AS NECESIDADES DOS CLIENTES**, prestando servizos TIC fiables, eficaces e adaptados aos requisitos acordados..
- **GARANTIR O CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS** os clientes, administracións, partners, provedores e demais partes interesadas, así como cos requisitos legais, regulamentarios, contractuais, técnicos e operativos aplicables..
- **ASEGURAR A CALIDADE TÉCNICA DOS SERVIZOS PRESTADOS**, mediante unha adecuada planificación, execución, seguimento e peche dos traballos realizados..
- **PROMOVER A COMPETENCIA, FORMACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS** favorecendo a formación, implicación e mellora continua no desenvolvemento das súas funcións.
- **IMPULSAR A MELLORA CONTINUA** do Sistema de Xestión da Calidade, dos procesos internos e dos servizos prestados.
- **PREVIR ERROS, DESVIACIÓNS E NON CONFORMIDADES**, establecendo as accións necesarias para evitar a súa repetición e mellorar os procesos.

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN DE GALICIA SLU

Rúa Fernando II,5, baixo · 36003 · Pontevedra · Galiza, Spain · NIF: ES B94165495 · +34 986 101 000 · ola@TICGAL.com · https://tic.gal/

- **FOMENTAR A COMUNICACIÓN COAS PARTES INTERESADAS**, mantendo canles adecuadas para atender necesidades, expectativas, consultas ou suxestións.
- **CONTROLAR OS PROVEDORES E SERVIZOS EXTERNOS** que poidan afectar á calidade dos servizos, á seguridade da información, á continuidade operativa ou ao cumprimento dos requisitos aplicables.
- **CONSIDERAR A SOSTIBILIDADE E O CAMBIO CLIMÁTICO** promovendo o uso eficiente dos recursos, a dixitalización, a redución do consumo de papel, o uso responsable das ferramentas tecnolóxicas e a redución de desprazamentos innecesarios cando sexa posible.

Esta Política da Calidade proporciona o marco de referencia para o establecemento e revisión dos obxectivos da calidade, sendo revisada periodicamente para asegurar a súa adecuación á realidade da organización, á súa dirección estratéxica e ás necesidades das partes interesadas.

A Dirección de **TICGAL** comprométese a comunicar esta política ás persoas que forman parte da organización e a mantela dispoñible para as partes interesadas cando proceda.

Fdo. Dirección

VIDsigner code: DD6C03FAFE2A485F8...

Óscar Beiro

Óscar Jacobo Beiro de la Fuente

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN DE GALICIA SLU

Rúa Fernando II,5, baixo · 36003 · Pontevedra · Galiza, Spain · NIF: ES B94165495 · +34 986 101 000 · ola@TICGAL.com · https://tic.gal/